



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A, GRUPO I, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 11/03/2025 (BOP DO 18/03/2025)

EXPEDIENTE: 2024/E001/000005

ANUNCIO DE CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PRIMEIRA PROBA

CÓDIGO	CORRECTA	INCORRECTA	BRANCO	RESULTADO
TNL001	64	27	9	22,04 (Apta)
TNL002	63	20	17	22,53 (Apta)
TNL003	35	24	41	13,2 (Non apta)

Alegacións

Acórdase abrir un prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións ás preguntas ou á corrección do exame. Tamén se decide non abrir os códigos ata unha vez que se resolvan as alegacións que se presenten e que se publiquen as cualificacións definitivas.

Betanzos, a 10 de Xullo de 2025

O Secretario do Tribunal

Asdo.: Eduardo Mera Rico

ANEXO: EXAME

PRIMEIRO EXERCICIO FASE OPOSICIÓN BOLSA EMPREGO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A

1. En aplicación do artigo 20 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, existen en todos os concellos:

a) O alcalde e o Pleno

b) O alcalde, os tenentes de alcalde, o Pleno, a Comisión Especial de Contas e a Xunta de Goberno Local

c) O alcalde, o Pleno e as comisións informativas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

2. Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, o alcalde posúe, entre outras, as seguintes atribucións en materia de persoal:

- a) Aprobar a Oferta de emprego público e aprobar as bases das probas para a selección de persoal.
- b) Aprobar as bases das probas para a selección de persoal e aprobar as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- c) Aprobar a Relación de postos de traballo do Concello.

3. En aplicación do artigo 25.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, en cales das seguintes materias exercerán en todo caso os municipios competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas?:

- a) Abastecemento de auga potable a domicilio
- b) Sanidade pública
- c) Educación pública

4. Cal dos seguintes servizos é de prestación obrigatoria polo Concello de Betanzos, con 13.261 habitantes, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local?:

- a) Protección Civil
- b) Biblioteca pública
- c) Instalacións deportivas de uso público

5. Para a adopción de cal dos seguintes acordos non se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en aplicación do artigo 47 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local?:

- a) Aprobación dunha ordenanza fiscal
- b) Modificación do escudo do municipio
- c) Modificación do regulamento orgánico municipal

6. De acordo co artigo 8 do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, non é unha clase empregado público:

- a) O persoal laboral temporal
- b) O persoal con contrato de servizos
- c) O funcionario interino



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

7. A Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, regula no seu artigo 204 a Oferta de emprego público das entidades locais, e establece como prazo para a súa aprobación e publicación:

- a) Un mes dende a aprobación do Orzamento
- b) 30 días dende a aprobación do Orzamento
- c) Tres meses dende a aprobación do Orzamento

8. De acordo cos artigos 12 e seguintes da Lei 9/2017, de contratos do sector público, a adquisición de mobiliario para as oficinas do Concello:

- a) É un contrato de obra.
- b) É un contrato de subministración.
- c) É un contrato de servizos.

9. Segundo o artigo 1 da Constitución española, cal dos seguintes non é un valor superior?:

- a) Legalidade
- b) Liberdade
- c) Pluralismo político

10. O artigo 14 da Constitución española reconece, entre outros, o dereito á non discriminación:

- a) Por razón de xénero
- b) Por razón de sexo
- c) Por razón de xénero percibido

11. As leis de Galicia:

- a) Serán promulgadas en nome do Rei polo presidente da Xunta.
- b) Publicaranse só no DOG.
- c) Publicaranse só no BOE.

12. Na Comunidade Autónoma de Galicia a función lexislativa exercea:

- a) A Xunta de Galicia
- b) O presidente da Xunta de Galicia
- c) O Parlamento



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

13. Cal das seguintes é unha fonte directa subsidiaria?:

- a) Lei orgánica
- b) Regulamento
- c) **Costume**

14. Contra un regulamento:

- a) Cabe recurso en vía administrativa.
- b) Non cabe recurso nin en vía administrativa nin en vía contencioso–administrativa.
- c) **Cabe recurso en vía contencioso–administrativa.**

15. Cal dos seguintes non é un principio das administracións públicas?:

- a) Seguridade xurídica
- b) Transparencia
- c) **Efectividade**

16. En que ano se aprobou a Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos?:

- a) **2016**
- b) 2022
- c) 1998

17. Indique cal é a forma correcta en galego para o castelán “suministro”:

- a) Subministro
- b) **Subministración**
- c) Suministración

18. Indique cal é a forma correcta en galego para o castelán “subsanar”:

- a) Subsanar
- b) Enmendar
- c) **Corrixir**



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

19. Que características se deben procurar na redacción administrativa?:

a) Xerarquización, clareza, impersonalidade, orde e subxectividade

b) Sinxeleza, precisión, simplificación e obxectividade

c) Obxectividade, orde, impersonalidade, imprecisión e sinxeleza

20. Cal é o nome da aplicación en liña proporcionada pola Xunta de Galicia que facilita a revisión lingüística de textos e ofrece alternativas para o uso non sexista da linguaxe?:

a) Exeria

b) Digalego

c) Linguakit

21. Cal das seguintes é a forma correcta segundo o dicionario da RAG para denominarmos a acción e efecto de desistir?:

a) Desistimento

b) Desestimento

c) Desistencia

22. Sinala con que titulación sería validable o Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

a) Título da educación secundaria obrigatoria.

b) Certificado B1 de lingua galega do Marco europeo común de referencia para as linguas expedido pola Escola Oficial de Idiomas.

c) Certificado C1 de lingua galega do Marco europeo común de referencia para as linguas expedido pola Escola Oficial de Idiomas.

23. Indique a opción incorrecta:

a) Veredicto

b) Conflicto

c) Xurisdición



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

24. Indique cal destas afirmacións é verdadeira:

a) O TERGAL é un banco de datos que recolle as denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos das linguas de especialidade e, de maneira especial, dos dominios científicos e técnicos.

b) As únicas fontes válidas para comprobar o léxico normativo son os dicionarios da Real Academia Galega e o VOLGa.

c) O Buscatermos é unha ferramenta terminolóxica que a Secretaría Xeral da Lingua só ten ao dispor dos centros educativos.

25. En cal dos seguintes exemplos se fai un uso correcto do xerundio?:

a) Decreto nomeando concelleira a dona Uxía Souto Tella.

b) O concelleiro de Deportes entrou no polideportivo cantando, para festexar a vitoria do equipo de voleibol.

c) Asinouse o contrato, remitíndollo ao provedor para que o asinase.

26. O documento en que se lles comunica información oficial a outras entidades públicas ou á cidadanía é:

a) A notificación

b) O requirimento

c) O oficio

27. Indique cales son as formas correctas do imperativo do verbo “seguir”:

a) Segue, seguidе

b) Sigue, seguidе

c) Segue, sigan

28. De acordo co artigo 1.1 da Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos:

a) O galego, como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial do Concello de Betanzos.

b) O galego, como lingua propia de Galicia, é idioma propio do Concello de Betanzos.

c) O galego, como lingua oficial de Galicia, é idioma propio do Concello de Betanzos.

29. Indique cal é o nome correcto deste topónimo do concello de Betanzos, da parroquia de Requián:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

a) Xanrozo

b) San Rozo

c) Juanrozo

30. O artigo 10.1 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, determina que:

a) Os topónimos de Galicia terán como formas oficiais a galega e a castelá.

b) Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

c) Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a castelá.

31. Indique cal das seguintes oracións é correcta:

a) Debe vostede proceder ao abono da dita tasa, adxuntando copia do xustificante de pagamento da mesma, á maior brevidade.

b) Debe vostede abonar dita taxa e achegar copia do xustificante de pagamento desta, coa maior brevidade.

c) Debe vostede aboar a dita taxa e achegar unha copia do xustificante de pago desta, coa maior brevidade.

32. Indique cal das seguintes oracións é correcta:

a) A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Betanzos vén de presentar a programación de actividades a realizar durante a primavera do ano 2.025.

b) A alcaldesa-presidenta do Concello de Betanzos vén de presentar a programación de actividades a realizar durante a primaveira do ano 2025.

c) A alcaldesa do Concello de Betanzos presentou a programación de actividades que se van realizar durante a primavera do ano 2025.

33. Cal das seguintes é a opción correcta para traducirmos ao galego “casco viejo”?:

a) Casco vello

b) Zona vella

c) Zoa vella

34. Indique como sería correcto traducirmos para o galego a expresión castelá “daños y perjuicios”:

a) Danos e prexuizos

b) Danos e perxuizos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de

Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, do

outubro, de réxime xurídico do sector público).

de

1

de



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

c) Danos e perdas

35. Como se denomina o tradutor automático que ofrece a Xunta de Galicia?:

- a) Galgo
- b) Gaio**
- c) Digalego

36. Co fin de promover e divulgar a riqueza toponímica de Galicia, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Real Academia Galega, ten en marcha un programa cuxo nome é:

- a) Toponimízate**
- b) Nomeando a nosa terra
- c) Chámalle X

37. Cal dos seguintes é un programa de conversión texto-voz para o galego?:

- a) Galevoz
- b) Cotovía**
- c) Convergall

38. Como se chama a base de datos terminolóxica da Universidade de Santiago de Compostela que nos permite facer buscas?:

- a) Lingua de namorar
- b) Buscatermos**
- c) Gaio

39. Cal é a tradución correcta para o galego de “compraventa”?:

- a) Compra e venda
- b) Compravenda**
- c) Compra-venda

40. Indique cal das seguintes opcións é correcta:

- a) As siglas levan puntos entre elas e ao final: o correcto é escribirmos “B.O.E.”.
- b) As siglas forman o plural engadindo o morfema: o correcto é escribirmos “DNIs”.
- c) As siglas poden formar o plural engadindo o artigo: é correcto escribirmos “os DNI”.**



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

41. Indique a opción correcta:

- a) Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- b) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público**
- c) Lei 9/17, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

42. Indique cal das seguintes é a opción correcta para nos referirmos a unha data final dun documento:

- a) En Betanzos, a 9 de xullo de 2025.
- b) Betanzos, a 9 de xullo de 2.025
- c) Betanzos, 9 de xullo de 2025**

43. Cal é o xentilicio de Betanzos?:

- a) Betanceira/o**
- b) Bizantina/o
- c) Briganteira/o

44. Cal dos seguintes enunciados define a normalización lingüística?:

- a) É o proceso tendente a converter unha lingua como vehículo normal de comunicación dunha comunidade.**
- b) É o proceso que procura exclusivamente a fixación formal do corpus dunha lingua.
- c) É o proceso polo que se impón unha única lingua como lingua dun territorio.

45. Cal dos seguintes enunciados é unha definición de planificación lingüística?:

- a) É o proceso de recuperación dunha lingua.
- b) Ten como único obxectivo a fixación dun estándar para unha lingua.
- c) Comprende os esforzos deliberados por influír no comportamento doutras persoas respecto da adquisición, a estrutura ou as funcións asignadas á(s) lingua(s) ou variedades lingüísticas.**

46. Cal das seguintes accións é de dinamización lingüística?:

- a) A tradución ao galego dun texto
- b) O asesoramento lingüístico
- c) Unha campaña para desmontar prexuizos contra o galego entre a rapazada**



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

47. Que grupo de palabras procede do substrato do galego?:

a) Saber, verdade, lúa

b) Noite, chama, touro

c) Carballo, toxo, Barallobre

48. Que grupo de palabras procede do latín?:

a) Terra, ano, rosa

b) Laxe, Céltigos, Lubre

c) Afonso, Guitiriz, frecha

49. Que grupo de palabras procede do superestrato do galego?:

a) Lobo, amigo, cabalo

b) Guerra, alcalde, xadrez

c) Chuvia, cousa, lenda

50. Segundo a Unesco, hoxe fálanse no mundo:

a) Unhas 7.000 linguas

b) Unhas 9.000 linguas

c) Unhas 10.000 linguas

51. Cal destas afirmacións non é correcta?:

a) No século XIII o galego era a lingua habitual de todos os estamentos sociais en Galicia.

b) Existen testamentos escritos en galego na época medieval.

c) Non se utilizaba o galego no ámbito relixioso na época medieval.

52. Cal dos seguintes trobadores foi da zona de Betanzos?:

a) Pero García de Ambroa

b) Martín Códax

c) Bernal de Bonaval

53. Cales son os denominados Séculos Escuros?:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

a) Séculos XIV, XV e XVI

b) Séculos XVI, XVII e XVIII

c) Séculos XVII, XVIII e XIX

54. Que lingua se falaba maioritariamente en Galicia durante os Séculos Escuros?:

a) O latín

b) O castelán

c) O galego

55. En que ano se inaugurou na Coruña a Real Academia Galega?:

a) 1880

b) 1906

c) 1923

56. Que lingua ou linguas se empregaban na Administración en Galicia no século XIX?:

a) O galego

b) O castelán

c) O galego e o castelán

57. En que ano se fundou a editorial Galaxia?:

a) 1950

b) 1960

c) 1975

58. Cal é a evolución do número de falantes da lingua galega?:

a) Gañou falantes.

b) Mantívose no número de falantes.

c) Perdeu falantes.

59. Segundo os datos da Enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística do 2023, que porcentaxe de persoas fala sempre en galego en Galicia?:

a) 10,50 %



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

b) 24,37 %

c) 51,30 %

60. Segundo os datos da Enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística do 2023, que porcentaxe de nenas/os entre 5 e 14 anos fala sempre en galego en Galicia?:

a) 7,04 %

b) 30,14 %

c) 53,67 %

61. Segundo os datos da Enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística do 2023, que porcentaxe de persoas fala galego sempre ou máis galego que castelán na área da Coruña?:

a) 25,04 %

b) 54,11 %

c) 82,97 %

62. Que di a Constitución española no seu artigo 3.2 sobre as “outras linguas españolas”?:

a) As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas súas respectivas comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos.

b) As outras linguas españolas serán tamén cooficiais nas súas respectivas comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos.

c) As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas, de acordo co establecido nesta constitución.

63. A Declaración universal dos dereitos lingüísticos establece:

a) A denominación lingua propia dun territorio fai referencia ao idioma da comunidade historicamente establecida neste espazo.

b) A lingua propia é a falada tradicionalmente nun territorio dun Estado por nacionais dese Estado.

c) A lingua propia é a que se fala maioritariamente nun territorio.

64. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5.2, establece que o galego e o castelán son oficiais en Galicia, e que todos:

a) Teñen o dereito de coñecelos e usalos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- b) Teñen o dereito de usalos.
- c) Teñen a obriga de coñecelos e o dereito a usalos.

65. No Plan xeral de normalización da lingua galega fálase de “oferta positiva”. En que consiste?:

- a) Na adopción do galego ou do castelán como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente, en función da lingua que fale a persoa interlocutora.
- b) Na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente.
- c) Na adopción do castelán como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente.

66. Que institución é a autora do Mapa sociolingüístico de Galicia?:

- a) O Consello da Cultura Galega
- b) O Instituto da Lingua Galega
- c) A Real Academia Galega

67. Cal é a lingua dos procedementos da Administración Xeral do Estado nunha comunidade autónoma con lingua oficial cando están implicadas varias persoas interesadas e hai discrepancias en canto á lingua?:

- a) A lingua castelá en todo o procedemento.
- b) A lingua castelá, mais documentos e testemuños poden ser expedidos na lingua cooficial por pedimento da persoa interesada.
- c) A Administración decide cal das linguas oficiais, neste caso.

68. É o galego lingua oficial da Unión Europea?:

- a) Non, pero ten carácter institucional en tres ámbitos: intervención oral no Consello da Unión Europea e no Comité Europeo das Rexións, comunicación escrita por parte da cidadanía coas institucións e órganos da Unión Europea e tradución de actos derivados do procedemento de codecisión.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

b) Non, pero ten carácter institucional só en dous ámbitos: intervención oral no Consello da Unión Europea e no Comité Europeo das Rexións, comunicación escrita por parte da cidadá ou do cidadán en calquera órgano.

c) Si, para todos os efectos.

69. Segundo a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, a quen lle corresponde o impulso de incorporación da lingua galega na Administración local?:

a) Ao Pleno da respectiva Administración local

b) Á Xunta de Galicia

c) Á deputación provincial correspondente

70. Segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia considérase un ben do patrimonio cultural inmaterial:

a) A lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica

b) Só as tradicións e expresións orais

c) Só a toponimia

71. O artigo 7.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece:

a) O galego e o castelán son as linguas oficiais da Administración local de Galicia.

b) O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

c) O castelán é a lingua oficial da Administración local. O galego, como lingua propia de Galicia, é cooficial.

72. Segundo O galego nas TIC. Edición 2023 do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia:

a) O uso do galego entre os internautas galegos para navegar por internet tivo un crecemento relativo do 95 % nos últimos cinco anos.

b) O uso do galego entre os internautas galegos para navegar por internet tivo un crecemento relativo do 70 % nos últimos cinco anos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

c) O uso do galego entre os internautas galegos para navegar por internet tivo un crecemento relativo do 31,4% nos últimos cinco anos.

73. No traballo de renovación e modernización da linguaxe administrativa galega debemos evitar:

a) A linguaxe sexista.

b) Ordenar visualmente o texto e empregar as unidades textuais.

c) Reducir o uso de fórmulas de tratamento.

74. Cal é a opción máis recomendable nos documentos administrativos?

a) Utilizar estratexias que resulten inclusivas para ambos os sexos.

b) Utilizar un estilo de redacción impersoal.

c) Ante a dúbida, empregar o masculino como recurso incluínte de ambos os sexos.

75. O artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece:

a) Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

b) Os concellos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

c) Os concellos de Galicia promoverán o uso normal das dúas linguas oficiais, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

76. O artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establece o seguinte:

a) Os concellos de Galicia garantirán o uso xeral do castelán e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

b) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

c) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial do castelán e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

77. Os medios de comunicación teñen unha clara influencia positiva na normalización do idioma. Cal dos seguintes medios non utiliza maioritariamente a lingua galega?:

a) *Nós Diario*



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

b) *Galicia Confidencial*

c) *La Voz de Galicia*

78. O Plan xeral de normalización da lingua galega foi aprobado o:

a) O 1 de setembro de 2004

b) O 21 de setembro de 2004

c) O 16 de setembro de 2004

79. Cal dos seguintes termos non é correcto?:

a) Deivindicar

b) Abonar

c) Derrogar

80. Cal das seguintes non é unha competencia e/ou función da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia?:

a) Promover, impulsar e elaborar propostas lexislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.

b) Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía.

c) Asesorar a Real Academia Galega sobre a inclusión de novos termos no idioma.

81. Cal das seguintes oracións non é correcta?:

a) O secretario asinou o certificado para os efectos de facer constar os feitos.

b) O concellal xustificou a súa resposta en base ao traballo realizado.

c) A interventora emitiu o informe co obxecto de fiscalizar o expediente.

82. “Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega” establéceo:

a) A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

b) O Estatuto de autonomía de Galicia

c) O Instituto da Lingua Galega



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

83. A Deputación Provincial da Coruña convoca anualmente subvencións para os servizos de normalización lingüística da provincia da Coruña. Cal dos seguintes criterios non se axusta ás bases reguladoras?:

- a) As axudas están destinadas a financiar gastos do persoal técnico de normalización lingüística.
- b) As entidades poderán solicitar axuda só para actividades de dinamización lingüística.**
- c) As entidades poderán solicitar como máximo o 80 % do orzamento de gastos subvencionables.

84. A Xunta de Galicia convoca anualmente axudas para a promoción da lingua galega. Cal dos seguintes criterios non se axusta ás bases reguladoras?:

- a) As entidades poderán solicitar a axuda para a creación, mantemento ou reforzo dos servizos de normalización lingüística.
- b) As entidades poderán solicitar a axuda para actividades de dinamización lingüística.
- c) As entidades deberán solicitar como mínimo 50.000 euros.**

85. En relación ás variedades dialectais, en que bloque dialectal se encadra o municipio de Betanzos?:

- a) Bloque occidental
- b) Bloque central**
- c) Bloque oriental

86. Cando nun territorio hai dúas comunidades lingüísticas, como é o caso de Galicia, pode producirse a situación de diglosia. Cal das seguintes manifestacións non se dá na situación diglósica:

- a) Diferenza na distribución social das dúas linguas
- b) Restrición de ámbitos de uso da lingua dominada
- c) Equilibrio nos usos oral e escrito**

87. En cal das seguintes oracións aparece un hiperenxebrismo?:

- a) O Concello de Betanzos acometerá obras no núcleo urbán.**
- b) O Concello de Betanzos nomeou filla predilecta unha veciña de orixe alemá.
- c) A Policía Local do Concello de Betanzos detectou movementos estraños nun edificio do centro.

88. Na expresión “texido asociativo”, que interferencia lingüística se produce?:

- a) Hiperenxebrismo



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

b) Vulgarismo

c) Castelanismo

89. De acordo coa proposta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua sobre as funcións do Servizo de Normalización Lingüística dunha entidade local, cal non é unha función propia dos SNL?:

a) Asesorar a Administración en todo o relacionado coa política lingüística.

b) Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

c) Realizar informes previos á validación dos Celga por parte da Secretaría Xeral da Lingua.

90. Cal dos seguintes non é un obxectivo da Rede de Dinamización Lingüística?:

a) Fomentar a dinamización da lingua galega e o seu coñecemento, uso e divulgación social.

b) Unificar os criterios para as probas de acreditación de coñecemento da lingua galega.

c) Ampliar a difusión das actuacións das diferentes entidades que conforman a rede a unha gran parte do territorio de fala galega.

91. Sinale o enunciado incorrecto:

a) Toda a veciñanza o quere denunciar.

b) Alguén pódeme cubrir este formulario?

c) Na notificación que recibiu non se fan constar os recursos.

92. Sinale o enunciado incorrecto:

a) O acto de presentación no Liceo tivo unha grande acollida.

b) O Concello de Betanzos realizou un grande traballo de recuperación da tradición betanceira.

c) O lanzamento do globo no día de San Roque é un grande orgullo para a poboación betanceira.

93. Sinale o enunciado incorrecto:

a) O administrativo do departamento de Cultura ten máis antigüidade ca ti.

b) A arquitecta ten un horario laboral máis reducido ca min.

c) A peoa de xardinaría rematou antes as vacacións ca a súa xefa de servizo.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

94. Sinale a resposta na que a marca de xénero do substantivo é incorrecto:

a) A canle de información non é a correcta.

b) Esa é unha cárcere de máxima seguridade.

c) O secretario emitiu a acta da reunión.

95. Cal dos seguintes fenómenos non é un mecanismo de creación de palabras:

a) Parasíntese

b) Aférese

c) Derivación

96. As variedades de lingua empregadas en función do contexto de comunicación denomínanse:

a) Variedades diafásicas

b) Variedades diastráticas

c) Variedades diatópicas

97. O Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia ten entre as súas liñas de actuación:

a) Compilar a documentación relacionada coa planificación lingüística.

b) A investigación centrada na calidade lingüística.

c) A investigación centrada no cumprimento da lexislación lingüística e os dereitos da cidadanía.

98. O modelo escollido para o *Plan xeral de normalización da lingua galega* do 2004 é un modelo:

a) Por proxectos

b) Científico

c) Por obxectivos

99. O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos forma parte de:

a) A Rede de Dinamización Lingüística da Deputación Provincial da Coruña

b) A Rede de Fomento Lingüístico da Xunta de Galicia

c) Alingua, a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

100. O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos ten un programa de dinamización lingüística para público infantil con programación anual que se denomina:

a) Apego

b) Sábados Miúdos

c) Betanpeques

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Cal das seguintes é unha disposición con forza de lei?:

a) Decreto lexislativo

b) Decreto-lei

c) As respostas A e B son correctas

2. En que artigo da Constitución española se di explicitamente que: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas”?:

a) 4.2

b) 11.2

c) 9.2

3. Segundo o artigo 140 da Constitución española, os municipios:

a) Gozan de personalidade xurídica plena.

b) O seu goberno e administración corresponde aos seus respectivos concellos.

c) As respostas A e B son correctas.

4. Cal dos seguintes non é un procedemento de adxudicación de contratos dos establecidos na Lei 9/2017, de contratos do sector público?:

a) O procedemento aberto

b) A concesión directa

c) O procedemento restrinxido



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

5. Segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, o Pleno representa, entre outras, as seguintes atribucións en materia económica:

- a) Ordenar pagos.
- b) Aprobar inicialmente todas as modificacións orzamentarias.
- c) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

6. Indique cal dos seguintes non é un documento de xuízo:

- a) O informe
- b) A certificación
- c) A memoria

7. Que é unha lingua minorizada?:

- a) Unha lingua que conta con menos de mil habitantes.
- b) Unha lingua que falan unha menor cantidade de persoas ca outra nun mesmo territorio.
- c) Unha lingua que sufriu algún tipo de marxinación, persecución ou prohibición nalgún momento da súa historia.

8. O artigo 3.1 da Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos dispón que:

- a) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua preferente de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta informativa en lingua galega.
- b) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.
- c) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que non teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua castelá.

9. Cales das seguintes características debemos ter en conta na renovación e modernización da linguaxe administrativa galega?:

- a) Linguaxe discriminatoria e redacción complicada
- b) A subordinación e o uso de pasivas
- c) Racionalización dos recursos tipográficos



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

10. Entre os recursos de traballo para os servizos lingüísticos encóntranse diferentes ferramentas informáticas. Cal destes non é un tradutor automático?:

a) VOLGa

b) Opentrad

c) Gaio